



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Telefónica teima co despedimento colectivo

A pesar de que o Comité Intercentros, e os Comités Provinciais, non teñen constancia dun novo ERE en Telefónica, hai un ruxerruxe incesante sobre esta cuestión. Tamén debemos ter en conta que hai sindicatos que acostuman a ignorar aos órganos de representación dos traballadores e traballadoras desta empresa, negociando fóra deles, e son precisamente estes sindicatos os que están a difundir comunicados sobre o tema.

Convén lembrar que **nesta empresa xa padecemos dous EREs**, e que antes de que se levase adiante o primeiro deles (1999-2000) xa se tiñan producido varios programas de prexubilacións e desvinculacións, que reduciron o cadro de persoal de máis de 76.000 traballadores no 1992 a 53.000 no ano 1999, antes da aplicación do primeiro ERE.

O ERE 1999-2000 destrúe case 11.000 postos de traballo, a empresa dixera daquela que este ERE xustificábase como unha medida definitiva para axustarse á situación do mercado. Dende a CIG xa manifestáramos daquela que esa medida non sería definitiva e plantexábase que detrás virían novos axustes. Así o fixemos constar nas alegacións, no Recurso de Alzada e no Contencioso Administrativo que presentamos.

O tempo veu a darnos a razón, pasados só dous anos do primeiro ERE Telefónica pon en marcha un **segundo despedimento colectivo** que durará dende o ano 2003 ata o 31 de decembro de 2007. Durante todo este tempo destrúense miles e miles de postos de traballo, chegando á situación actual onde os traballadores e traballadoras desta empresa sumamos pouco máis de 28.000. Como non hai dous sen tres estamos de volta coa mesma historia, de novo virá a empresa a tratar de xustificar unha nova e sangrante destrución de emprego.

A pesar de todas as xustificacións que poida presentar a empresa en cada un destes procesos temos que darnos conta da situación na que estamos. Cando se presenta o segundo ERE a rateo de liñas por empregado é a máis alta do mundo entre as empresas de telefonía pero a pesar de todo iso e, facendo cábalas sobre o que sería o futuro, redúcese de xeito drástico o cadro de persoal. Todos os malos augurios da empresa quedaron en nada máis os empregos foron liquidados.

Hoxe estamos diante dunha empresa cun enorme volume de traballo externalizado, son incontables xa os departamentos que externalizaron as súas actividades polo que non hai maneira de xustificar máis redución no número de traballadores, hai actividades de abondo que se poden recuperar para crear emprego de calidade nesta empresa.

Tampouco vemos problemas económicos pois aínda que nos recortan as subas salariais aos traballadores e traballadoras, non teñen problemas á hora de repartir dividendos entre os accionistas ou de darlle miles de millóns de euros aos directivos e dirixentes da empresa.

Chamémoslle ás cousas como son, ERE é o acrónimo do instrumento administrativo usado para tramitar un **despedimento colectivo**, a extinción masiva de contratos de traballo por parte da empresa, en función dos seus exclusivos intereses, aumentar os resultados e apropiarse deles.

A cada paso os traballadores e traballadoras estamos a recibir menos parte do producido, intentando quedarse eles con todos os beneficios que estamos a crear coa nosa forza do traballo: **47.000 empregos liquidados na Telefónica**, externalizados e precarizados, miserabilizados, nos últimos 15 anos.

Esta empresa ten capacidade para crear emprego de calidade, incorporando xente nova nas mesmas condicións laborais que temos os demais. Polo feito de entrar no nivel de entrada de cada categoría laboral xa saen máis baratos polo que non hai escusa algunha para non crear emprego. É inaceptable que nesta sangría constante de despedimentos non cumprisen nin os míseros acordos que había para a incorporación de novo emprego.

Neste contexto no que algúns están a falar de máis destrución de emprego dende a CIG temos que dicilo claro: **non aos despedimentos colectivos**, así o fixemos constar no escrito dirixido ao Ministro de Traballo e asinado polos sindicatos da Coordinadora de Burgos.

Hai que loitar por recuperar actividades externalizadas e por crear novos empregos, non podemos permitir que sigan coa estratexia iniciada hai anos para desmantelar totalmente a empresa. Este non é un asunto illado e parécenos inmoral xogar desta maneira coas ilusións e aspiracións xustas dos traballadores e traballadoras, que deben ser tratadas no marco democrático e transparente da Negociación Colectiva, á vista é ao alcance de todos e todas.

NON AOS DESPEDIMENTOS COLECTIVOS
SÍ Á CREACIÓN DE EMPREGO

A CIG sempre na defensa dos teus dereitos !!!

Compostela, 1 de marzo de 2010